

Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. A. Cidrás Escáneo (2008): “O discurso das gramáticas e as gramáticas do discurso”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 225-236.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

O DISCURSO DAS GRAMÁTICAS E AS GRAMÁTICAS DO DISCURSO

Francisco A. Cidrás Escáneo

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

1. *A gramática que cabe nunha Gramática*

Cando a gramática, isto é, a arquitectura dunha lingua, é obxecto de reflexión teórica, dáse lugar a unha disciplina do coñecemento que recibe o nome de gramática; e o produto desa reflexión adopta prototipicamente o formato editorial dunhas obras ás que se lles dá tamén o mesmo nome. A contigüidade entre os conceptos homónimos é obvia, mais isto só fai que a polisemia creada resulte máis perigosa e escorregadiza. Que relacións se poden establecer entre a gramática como sistema e a *Gramática* como produto editorial? (repárese nas distincións gráficas para eliminar a ambigüidade) Que tipo de fidelidade co obxecto interpretado debe manter unha *Gramática* como interpretación dun sistema gramatical? Que gramática cabe nunha *Gramática*?

As *Gramáticas*, por amplas que sexan e por exhaustivas que parezan, son sempre representacións fragmentarias que evocan só de maneira moi limitada e tenue a gramática dunha lingua. Dunha banda porque a gramática, dada a súa magnitude e a súa enorme complexidade estrutural, é inexhaustible. Doutra porque, dada a súa natureza, é unha entidade inaprensible. En efecto, a gramática é un mecanismo perennemente emerxente, un sistema dinámico de consistencia fluída, agochado no corpus lingüístico e cunha arquitectura sempre en proceso de construción, sometido a unha variación constante en moitos parámetros simultáneos: no tempo, no espazo,

nas condicións de uso, nas características individuais dos usuarios (extracción social, nivel educativo, idade, sexo...), etc. É pois unha entidade imposible de rexistrar fielmente e por completo, cando menos no actual estado dos nosos coñecementos. Unha *Gramática*, por contra, será sempre o produto estático dunha interpretación parcial que un ou varios gramáticos fan da gramática dunha lingua. En suma, a forma dunha *Gramática* editorial nunca chega a reproducir fielmente a forma da gramática real dunha lingua, mesmamente porque os fluídos non teñen forma de seu, senón que adoptan enganosamente a forma do colector que os cingue. Ademais, porque non hai colector que poida conter toda a complexidade da gramática no formato dunha *Gramática*, igual que non se pode meter toda a auga do mar nunha focha feita na area dunha praia, por grande que se faga.

Segundo unha moi asentada categorización, as *Gramáticas* adoitan clasificarse en *prescritivas* e *descriptivas*. Porén, desde as súas orixes, a gramática é unha disciplina de clara afección prescritivista e uniformante, moitas veces non manifestada de maneira expresa. De feito, o estudo non-normativo da linguaxe demorou moito tempo en ser incorporado á gramaticografía, mais non porque non existise, que é mesmo máis antigo que as *Gramáticas*, senón porque correspondía ao ámbito da lóxica, unha disciplina que se achegaba á estrutura da linguaxe como manifestación da estrutura do razoamento, que constituía o seu verdadeiro centro de interese. Esta visión perviviu longamente no tempo, como ilustran as verbas que recolle Robins (1980: 83) dun manuscrito medieval: “Non é o gramático, senón o filósofo, o que descobre a gramática tras unha minuciosa meditación sobre a natureza das cousas”. Co comezo, xa na Idade Contemporánea, do estudo científico e non-normativo da lingua como disciplina autónoma, os novos cientistas (descriptivistas e fedatarios dunha situación de variación lingüística incómoda para os *gramáticos*), marcando distancias fronte a estes preferiron denominarse a si mesmos con etiquetas novas e non lastradas, como as de *lingüistas* ou glotólogos.

En realidade, a gramática prescritiva tamén describe, mais limita a súa descrición, de maneira excluín-te e plana, a un modelo de lingua de referencia que se adoita denominar *estándar* –ou tamén lingua culta, literaria, normativa... O estándar é unha variedade ideal (unha abstracción tirada das modalidades realmente existentes na lingua, ben que en proporcións moi distintas), de vocación estática (preténdese superadora de todos os parámetros de variación sincrónica) e sobre todo maxestática (en tanto que inspira respecto e veneración, ao vencellarse ao poder e á promoción social). As linguas en estado natural carecen de estándar; de feito a maioría das linguas do mundo non o teñen. Mais na medida en que as sociedades se institucionalizan creando estruturas de poder, estas alentan a elaboración desa variante uniformada, concibida ao servizo das súas necesidades. Variedade formal e altamente formalizada,

existe unha estreita relación entre estándar e gramaticografía: as *Gramáticas* son obras concibidas (dentro dun programa de construción nacional) coa finalidade de erixir e lexitimar un estándar, que describen ao mesmo tempo que elaboran.

Na gramática prescritiva prodúcese pois unha identificación utilitarista entre lingua e estándar, ao orientaren os gramáticos o seu programa exclusivamente cara a esta variedade. Porén, a maior parte das *Gramáticas* que se proclaman descritivas centran tamén a súa descrición na variedade estándar e nun rexistro formal como o propio da lingua literaria, operando así cun prescritivismo implícito. Velaí a autocaracterización dunha recente *Gramática* descritiva da lingua galega: “Ofrece [esta obra] unha descrición da lingua estándar, sen pretensións de dar conta cabal das variacións internas, pero incorporando as que teñen tradición na lingua escrita... Tampouco pretende ser unha gramática prescritiva, se ben na descrición xoga con frecuencia co contraste entre o que é correcto, o que non o é ou o que é de corrección dubidosa” (Álvarez e Xove 2002: 9-10). Como se ve, as diferenzas entre un e outro tipo de *Gramáticas* son, a efectos prácticos, escasas e sutís.

Así pois, as *Gramáticas* descritivas e prescritivas son bastante parecidas entre si, como *Gramáticas*-colector, e parécese moi pouco á gramática dunha lingua, que é incontible. Ao seu carón atopamos aínda outro tipo de *Gramáticas*, complementarias delas, que podemos denominar *teóricas*. Estas obras non son manuais que describan o uso dunha lingua, senón que teñen como obxectivo amosar o funcionamento da gramática como mecanismo, propoñer un deseño da súa arquitectura, e fano sempre desde a perspectiva dunha determinada teoría acerca da facultade da linguaxe, na que se insiren. Por tanto os datos empíricos non son manexados aquí con afán de exhaustividade, senón atendendo á súa pertinencia á hora de deseñar esa arquitectura, de ilustrar esa mecánica coa maior precisión posible. Pódese dicir que a gramática teórica está máis orientada á gramática como disciplina que á gramática como obxecto de estudo desa disciplina. O que atopamos nunha *Gramática* teórica non é de seu unha descrición da gramática, senón unha teoría acerca da gramática. Pretende ser unha ferramenta para comprender a gramática, non para aprendela, nin menos aínda para aprender a usar (‘correctamente’) unha lingua.

Desde estes presupostos, as *Gramáticas* teóricas poden doadamente, de estaren ben construídas, chegar a parecerse máis á gramática das linguas que as descritivas, por exhaustivas que estas se procuren. Isto é así mesmamente porque a materia empírica que aquelas empregan non procura a exhaustividade (sempre ilusoria) na colecta dos usos, senón a relevancia no deseño do código. A selección de datos empíricos manexados en gramática teórica nada ten que ver, pois, coa visibilidade e o carácter emblemático deses datos na configuración do estándar, como si ocorre no caso das gramáticas de corte clásico, orientadas a esa variedade. O estándar constitúe unha

gramática reducida integrada por unha escolma de ítems feita de acordo cun principio en virtude do cal a relevancia dos fenómenos lingüísticos con relación ao estándar é inversa á súa importancia estrutural con relación ao sistema: os elementos máis epidérmicos son os máis relevantes para o estándar precisamente por seren máis vistosos; os máis internos, por seren menos visualizables, son menos emblemáticos e daquela tenden a ser marxinados na prescrición (e na descrición) gramatical clásica (Cidrás 2004). Fronte a este proceder, na gramática teórica a selección de datos lingüísticos faise de acordo coa súa importancia estrutural no sistema.

2. Da grafización da oralidade á gramatización da escrita

Consonte se desprende do exposto na sección precedente, é o certo que a maioría das gramáticas, sobre todo as de corte tradicional e con independencia do grao de prescristivismo que as alente, son obras descritivistas que centran a súa descrición do sistema lingüístico, dinámico, nunha caracterización estática moi parcial, limitada a:

- a) a variedade estándar (vs. variedades naturais da lingua)
- b) o rexistro formal, como o habitual na lingua escrita (vs. oralidade informal)
- c) a oración como ámbito teito (vs. ámbito textual e discursivo).

No caso da gramática teórica non se dá a limitación do obxecto de estudo ao estándar (a), pero si as outras dúas (b,c): as indagacións tenden a centrarse no rexistro formal/escrito e no ámbito oracional, cun notable relego, en termos xerais, da oralidade informal e do plano do discurso. Esta situación semella a primeira vista paradoxal: fronte á orientación da gramática decimonónica cara á escrita, é un lugar común da lingüística contemporánea, desde Saussure, a localización da fenomenoloxía e da natureza da linguaxe no discurso oral. Mais, á hora da verdade, oralidade e discurso seguen a ser pospostos no programa de investigación gramatical ao seren concibidos como fenómenos da *parole* e non da *langue* (mantendo a terminoloxía saussureana).

Agora ben, este desaxuste non é proba de desleixo ou incoherencia senón que ten raíces profundas, que impregnan a esencia do que se considera normalmente como gramática. O que pon de manifesto é un acoutamento do ámbito competencial desta disciplina dentro do conxunto das disciplinas lingüísticas. Este deslinde (coas extremas (b,c) devanditas) nin é, pois, accidental nin nega a relevancia lingüística dos ámbitos menos atendidos, senón que tende a situar o estudo central destes noutras disciplinas afíns á gramática (con certo grao de permeabilidade) e faino sobre o triple esteo dunhas causas (i) históricas, (ii) tecnolóxicas e (iii) ontolóxicas, i.e., baseadas na propia esencia ou natureza do discurso gramatical.

(i) *Causas históricas.* A gramática nace no currículo formativo da Antigüidade como unha disciplina dos estudos secundarios orientada á preparación para o comentario, esexese e crítica dos autores clásicos –con Homero á fronte– e no seo dun sistema educativo orientado á transmisión do patrimonio literario representado polas obras mestras da cultura. Tratábase dunha disciplina menor, unha *técnica* (τέχνη γραμματική) preparatoria para o acceso á gran arte da educación lingüística superior: a retórica. Esta situación repítese mimeticamente no período romano, cos gramáticos dirixindo a súa atención ao estudo da linguaxe dos autores clásicos da literatura latina, agora con Virxilio á cabeza (vid. Marrou 1955 para unha minuciosa caracterización da formación lingüística no sistema educativo e cultural grecolatino). Na Idade Media, a partir do século XII agroma a gramática teórica (a chamada gramática especulativa) coa vontade de cambiar a consideración da gramática como técnica para convertela en disciplina científica maior. A mudanza faise colocándoa ao abeiro da filosofía escolástica, sobre a base da lóxica medieval aristotélica. Mais repárese na simultaneidade non casual de dous fenómenos: sostense que só desde a lóxica se pode comprender a gramática, porque se opera cunha gramática construída de costas ao uso lingüístico real (mesmo ao literario) nun momento de máximo divorcio entre a lingua real (os romances) e a lingua do estudo gramatical (o latín), recluído no ámbito monástico. Segue logo no Renacemento o período de gramatización masiva dos romances que se converten en linguas dos nacentes estados modernos, nun labor de dignificación e de codificación orientado basicamente á escrita: ao afortalamento dun modelo de lingua literaria ao servizo das necesidades do emerxente aparello do estado. Unha vez que todas as grandes linguas imperiais europeas acadaran ese obxectivo, nos séculos XVII e XVIII colle novas forzas a gramática teórica, ao abeiro por unha banda da filosofía racionalista e idealista, por outra do empirismo. Os gramáticos racionalistas, paradigmaticamente os autores de Port Royal, estudan a linguaxe desde un punto de vista interno, como facultade humana asociada á natureza do pensamento e dotada dunha gramática universal, independente de calquera lingua particular. Os empiristas, basicamente da escola inglesa, negando as teses innatistas, centran o seu estudo sobre todo na fonética, soporte matérico da lingua, pero polo xeral asociada á ortografía, á que se lle prestaba moita atención. Paralelamente, a gramática descritiva e escolar seguiu en todo momento orientada cara á lingua literaria e sustentada na autoridade dos autores clásicos de cada sistema literario. En suma, o estudo da lingua oral en uso e a análise do discurso nunca tiveron un lugar de seu na historiografía gramatical, en grande parte por xulgárense ámbitos propios da retórica, no deseño curricular dominante.

(ii) *Causas tecnolóxicas.* O mantemento multiseccular deste estado de cousas non pode xustificarse como produto dunha pura inercia acomodaticia, esquecendo as li-

mitacións tecnolóxicas (en termos de instrumentos de observación e medición) que sempre son determinantes no desenvolvemento do coñecemento científico. A lingua oral non puido ser estudada con rigor ata hai unhas poucas décadas por non existir con anterioridade unha tecnoloxía que permitise o seu rexistro, por tanto a súa obxectualización. Ata a recente chegada das gravadoras magnetofónicas, hoxe case esquecidas, a lingua oral era un produto efémero, non susceptible de ser estudado cientificamente: porque algo que non está fixado como obxecto non pode ser obxecto de estudo. Máis alá de observacións impresionistas marxinais, o tratamento da oralidade reducíase necesariamente á análise fonética, acústica ou articularia, dos sons emitidos en condicións de produción case-illada e de laboratorio. Para o caso dos grandes cónpora textuais, só as tecnoloxías informáticas desenvolvidas nos últimos anos fixeron posible o seu tratamento e estudo eficientes. A pesar do pouco tempo transcorrido, tendemos a esquecer e infravalorar as limitacións impostas pola cativa bagaxe instrumental dispoñible ata ben entrada a segunda metade do século XX, naturalizados como están os adiantos tecnolóxicos no mundo en que vivimos. Mais á vista desas limitacións enténdese mellor a teimosa orientación da gramaticografía cara ao ámbito oracional e da palabra, ao rexistro formal e a súa predilección pola produción literaria. Téñase en conta que a escritura foi durante miles de anos a única tecnoloxía dispoñible para o rexistro permanente da lingua (escrita!).

(iii) *Causas ontolóxicas*: O proceso da escritura é por natureza unha actividade metalingüística que converte a linguaxe en obxecto de reflexión e de pensamento. A escrita obxectualiza a lingua, mudándoa nunha entidade permanente, fixada, formalizada; facilítase así o afloramento da reflexión metalingüística. A primeira análise gramatical non nace da necesidade de aprender a propia lingua (que, como é obvio, non se aprende por análise metalingüística), senón da necesidade de aprender a súa escrita, de enfrontar os textos escritos. Este é pois o ámbito natural de emerxencia e desenvolvemento da gramática, como pon de manifesto a propia etimoloxía da palabra (< γράμματα ‘as letras’ < γράφω ‘riscar, poñer por escrito’). Por iso ao mestre de ensino primario, que lles aprendía aos nenos “as primeiras letras” (i.e., a ler e escribir) chamábanlle na antigüidade clásica *grammatistés*; precedía no currículo formativo ao *grammatikós*, que, no nivel secundario, ensinaba xa a gramática orientada ao comentario literario á que acabamos de aludir. Como nos lembra Sylvain Auroux (1994), non existe algo que poidamos considera un auténtico “saber lingüístico” de transmisión oral nas culturas ágrafas e, nas culturas dotadas de escritura, o desenvolvemento da reflexión metalingüística é sempre netamente posterior á aparición da tecnoloxía gráfica. A codificación da escrita (grafización) é o ámbito xerminal da codificación gramatical (gramatización), e por moito que o discurso gramatical se sofistique, tende a non perder esa adherencia ao ámbito da escrita e a reservarlle a esta sempre o máis

alto teor simbólico, que non se lle outorga á oralidade. Pénsese, e.g., nas ‘guerras lingüísticas’ que son case sempre guerras de grafías, raramente de sons (e case nunca de entidades formais, como os fonemas ou as construcións). A historia recente do galego é un bo exemplo disto.

A escrita supuxo unha revolución tecnolóxica para a linguaxe, ao permitir o rexistro permanente da lingua. Pero o seu papel non quedou nun mero cambio instrumental, de soporte. A canle moldea o código. Así, o uso gráfico da lingua xerou, seguramente desde o primeiro momento, uns modos lingüísticos propios dese soporte. Confórmanse así dous códigos fortemente diferenciados dentro da mesma lingua: o código oral, propio da lingua falada, tan antigo como a propia facultade da linguaxe e do que dispoñen todas as linguas, e o código literario propio da lingua escrita, cunha antigüidade de pouco máis de cinco mil anos e do que aínda hoxe non dispoñen unha boa cantidade de linguas ágrafas. As súas diferenzas atinxen ao modo de organización interna, mais alcanzan tamén á maneira como actúan externamente no proceso de comunicación e ás relacións que establecen con outros sistemas simbólicos que se empregan na comunicación:

- a) O código escrito de calquera lingua está sempre altamente formalizado e fixado, é un sistema autónomo (non interactúa con outros, e non necesita doutros para resultar plenamente operativo) e é independente do contexto físico en que se produce a comunicación –de feito, a escrita xorde mesmamente para superar certas limitacións físicas da lingua oral: carácter efémero, falta de fixación, escaso alcance do son, imposibilidade da comunicación non-presencial ou diferida... Non por casualidade, a esta maneira de funcionar a linguaxe (ollo, non á canle, á escrita en si, pois esta non se identifica coa maneira, aínda que ambas, maneira e canle, están relacionadas) chámanlle algúns autores (e.g. Givón 1984), “modo gramatical”. Ora ben, as características do código escrito non constitúen en si nin unha virtude nin un defecto: son o produto resultante dun sistema de comunicación en que os parceiros non comparten un marco espacial nin temporal común no seu intercambio comunicativo, o que fai que o sistema sexa máis explícito e o seu funcionamento menos interactivo.
- b) A comunicación oral, por contra, verificase a través dun sistema multimodal, en que o código gramatical interactúa con outros códigos auxiliares pero non propiamente gramaticais, nin sequera propiamente lingüísticos, que están dispoñibles nese contexto físico común que comparten os interlocutores. A información sonora lexicogramatical vese, así, implementada con información visual kinésica (acenos, posturas, movementos, miradas) e con información sonora non lexicogramatical (xestos sonoros, determinadas modulacións prosódicas...), que decote modifican o sentido *literal* do enunciado –i.e., o que tería

na escrita, nas letras. Pénsese na importancia destes signos na ironía, nos actos de fala indirectos, nos implícitos... Funciona pois o código lingüístico oral nun modo máis pragmático e menos gramatical ou, se se quere, menos institucionalizado.¹

3. A gramática e o discurso: pragmática lingüística e pragmática da comunicación

A escasa atención prestada na tradición gramatical aos fenómenos discursivos e da oralidade e, daquela, á interacción dos diferentes tipos de códigos semióticos que conforman o sistema multimodal da oralidade, responde historicamente, conxuntamente se apuntou máis arriba, a unha milenaria tradición de reparto competencial entre a gramática e a retórica. Na partilla correspondíalle á retórica dar conta deste tipo de fenómenos, basicamente mediante o traballo dirixido con exercicios orais de declamación de discursos sobre un tema dado. No actual estado de cousas, máis alá de innumerables diferenzas de detalle, a situación non mudou demasiado. O cambio máis significativo atinxe ao deseño do programa científico: a gramática deixou de ser a irmá menor da retórica para converterse na disciplina central no estudo da linguaxe. A retórica derrotouse progresivamente cara ao ámbito da poética e da teoría literaria, onde asemade foi mingando o seu peso programático. Mais o espazo que a retórica deixou baleiro no eido da reflexión metalingüística non o ocupou máis que moi parcialmente a gramática, polos motivos antes apuntados. Segue operativa, pois, a idea dun reparto de ámbitos de estudo, se ben o lugar da retórica ocupouno na primeira metade do século XX a estilística (pénsese, e.g., na *Estilística da lingua portuguesa* de Rodrigues Lapa 1945) e ocúpano hoxe un feixe de disciplinas recentes, de cohesión

1 O carácter máis codificado e autosuficiente da escrita fronte á fala, e mesmo a súa modernidade, non se deben entender, sobra dicilo, como probas dunha suposta superioridade operativa. A bondade e o éxito dun sistema de comunicación residen na súa eficacia no medio en que se usa e na súa adaptación aos cambios dese medio. Por iso a xeración de dous códigos (oral e escrito) é en si unha mostra de éxito e de capacidade adaptativa da linguaxe humana, e nada ten que ver cunha superioridade relativa entre ambos. Tampouco da fala sobre a escrita: fuxindo do prexuízo escriturista da gramaticografía tradicional non é infrecuente que se incorra nunha prexuízosa paixón pola fala: paréceme pouco ecuánime soste (como fai, e.g., Linell 2005) que a oralidade ten un carácter dinámico, vivo, e a escrita é algo estático, de xeito que as gramáticas adoitan traballar con 'cadáveres lingüísticos'. As producións, orais e escritas, son sempre dinámicas (como o son os códigos conforme os cales se producen); os produtos resultantes son sempre estáticos, tamén os orais (que ademais serán permanentes e non-efémeros con só rexístralos). A escrita non converte os textos en cadáveres, como tampouco a gravación: ambas rexístran a lingua. Polo demais, acaso é máis explícito e formalizado o texto escrito espontáneo dun chat que o oral dunha disertación académica planificada?

interna aínda en curso e uns límites borrosos entre elas: as máis significativas son a pragmática e a análise do discurso, pero existen bastantes programas dos que non é doado dirimir se son disciplinas autónomas ou enfoques encadrables noutras: a análise da conversa, a análise da argumentación, a psicoloxía discursiva, a etnografía da comunicación, a análise crítica do discurso, e moitas máis. Para unha caracterización histórica destes estudos discursivos como unha derivación da retórica clásica véxase Metzeltin (2003).

Como xa se indicou, a gramática teórica nace basicamente como unha gramática formal (i.e., non-funcional), ao botarse fóra do paraugas da retórica e reinstalarse ao abeiro da lóxica, sempre dentro do cadro disciplinario medieval do *trivium* que as tres disciplinas integraban. Trátase, pois, nestas primeiras formulacións, dunha *grammatica philosophica* fronte á *grammatica civilis*. Conforme o carácter mentalista e innatista destes modelos teóricos (desde a gramática especulativa medieval á xenerativa de hoxe, pasando pola cartesiana), a gramática concíbese como unha propiedade universal da mesma natureza que o pensamento e que a facultade da intelixencia e independente por tanto das linguas particulares. Desde estes postulados, a desatención das gramáticas formalistas cara aos fenómenos da oralidade e do discurso é manifesta e comprensible a un tempo. Fronte a elas, a atención que lles prestan as gramáticas funcionais (empiristas e orientadas á actuación, en parte continuadoras da tradición retórica) é certamente maior, pero en todo caso bastante limitada. Mesmo non poucas veces dá a impresión de responder a unha actitude máis retórica (permítaseme o xogo de conceptos) que real: enténdese, si, a gramática como parte integrante dunha teoría pragmática máis ampla da interacción verbal, asúmese que as producións lingüísticas non son obxectos illados, etc. Outra cousa é, máis alá de declaracións de principios, o grao de afondamento nestas cuestións que vencellan a gramática con esa teoría pragmática xeral.

Unha gramática non é funcional porque estea centrada na pragmática da comunicación, senón porque concibe as condicións de uso como moldeadoras da gramática, i.e., as formas gramaticais como instrumentos da función comunicativa, que evolúen adaptándose á maneira de mellor acadar esa función. Consonte iso, a maioría das gramáticas funcionais prestan, de certo, atención a eses sistemas auxiliares da lexicogramática que, xunto con ela, integran o que podemos denominar 'pragmática da comunicación'. Pero fano dunha maneira limitada: só na medida en que elementos deses sistemas se formalizan como recursos gramaticais –se gramaticalizan. Pasan así a integrar unha compoñente específica da gramática, que podemos denominar 'pragmática gramatical' (ou 'pragmática lingüística') e que ten un alcance máis limitado e unha natureza distinta do que é a pragmática da comunicación. Inclúense nesta dimensión estritamente gramatical ferramentas lingüísticas como as funcións informa-

tivas ou pragmáticas ou os recursos cohesivos, coas súas implicacións na configuración das construcións e na forma que adoptan os enunciados dentro dos textos.

Certamente, dentro das distintas correntes funcionalistas o interese prestado aos fenómenos pragmático-discursivos é variable: unhas (como os modelos de Halliday ou de Givón) atenden máis esta dimensión, outras (como o de Martinet ou o de Dik na súa versión clásica) dedícanlle unha atención bastante menor. Mesmo dentro de cada modelo se aprecian liñas ou grupos que mostran sensibilidades distintas cara ao tema. Así, no ámbito systemicista vinculado a Halliday, Sinclair e Coulthard (1975) presentan unha corrente centrada radicalmente na análise da estrutura do discurso, orientada a cuestións como o establecemento dos tipos de actos discursivos, ou as unidades que forman o discurso; pero sitúanse xa fóra do programa do que é a Gramática Sistémica Funcional, e mesmo dos lindes habitualmente considerados para a gramática como disciplina. Por outra banda, o modelo de Gramática Funcional deseñado por Simon Dik, que na súa formulación estándar presentaba unha notoria escasa atención práctica aos aspectos pragmático-discursivos, está a evolucionar nos últimos anos cara a unha Gramática Funcional do Discurso (Hengeveld 2004), seguindo o camiño apuntado xa polo propio Dik pouco antes da súa prematura desaparición (no último capítulo de Dik 1997). Pasan a integrarse así os aspectos discursivos no marco dun modelo ata o momento centrado case exclusivamente na análise da cláusula.

Pero, en calquera caso, os elementos pragmático-discursivos van máis alá do que se codifica no sistema da lingua. Daquela, o seu estudo queda un tanto desatendido, ou atendido nas marxes, cando se emprende desde o marco da gramática, sexa cal sexa o modelo teórico ao que se acolla –aínda que, dese logo, nuns queda máis nas marxes que noutros. É por iso que desde sempre existiron disciplinas distintas da gramática, aínda que veciñas dela, que centraron o seu interese nesta dimensión pragmáticodiscursiva da comunicación lingüística e que, de maneira un tanto marxinal (desde logo, máis marxinal que na gramática), se ocuparon tamén dos elementos gramaticais asociados á explicitación da pragmática da comunicación. Como adoita ocorrer coas perspectivas que se teñen das cousas desde atalaias distintas aínda que próximas, o que desde un sitio se ve como central desde o outro resulta máis marxinal, e viceversa. Pero non é certo que esa atención á pragmática da comunicación sexa recente: sono as disciplinas, moi inestables, desde as que na actualidade se lles presta atención, mais estas derivan doutras anteriores. Primeiro foi a retórica, logo a estilística (unha auténtica pragmática *avant la lettre*: reléase Lapa 1945) e, nas últimas décadas, ese complexo heteroxéneo e de extremas imprecisas que é a pragmática e a análise do discurso. Na base desa cadea diacrónica de disciplinas ‘distintas’ hai, abofé, unha renovación constante e ás veces radical de métodos e obxectivos, mais hai asemade un punto de mudanza nominalista que fai escurecer a percepción dunha liña constante

de pensamento metalingüístico máis forte do que aparenta: tamén a gramática actual é moi distinta en metodoloxía e obxectivos da que facían os alexandrinos na Grecia clásica, mais é percibida explicitamente como un continuo dunha mesma disciplina.

O complexo teórico pragmático-discursivo é unha disciplina (ou un feixe delas) de carácter transversal, no senso de que o seu programa se aplica ao conxunto do sistema lingüístico: non constitúe un nivel estrutural adicional (o parágrafo e o texto, e.g., non son unidades superiores á oración) senón unha perspectiva de análise distinta do conxunto do sistema lingüístico. Formalmente esta(s) disciplina(s) nace(n) na segunda metade do século XX, á volta dos anos sesenta, en paralelo ao nacemento ou reformulación doutras disciplinas transversais no estudo da linguaxe e da comunicación (como a sociolingüística ou a semiótica) e tamén da propia gramática, coa emerxencia, nesa altura, dos grandes marcos teóricos vixentes na actualidade, tanto funcionalistas como formalistas. A explosión do interese suscitado pola pragmática do discurso neses anos –tan explosivos na conformación da cultura actual en todos os seus campos– tivo un marcado carácter polixénico: alén dos ‘promotores’ lingüistas (como Halliday, Chafe, Givón ou Longacre), son seguramente máis importante as achegas fundacionais de autores non-lingüistas procedentes doutras disciplinas, como a filosofía (Austin, Searle, Grice), a antropoloxía e a etnografía (Hymes, Gumperz), a socioloxía (Goffman), etc. De vimbios tan diversos é lóxico que resultase un cesto un tanto heterodoxo que acolle obxectos igualmente un tanto heteroxéneos. En efecto, atopamos no seu interior unha manda de teorías ou módulos carentes dunha cobertura teórica uniforme e dunha metodoloxía de traballo común: a teoría dos actos de fala de Austin e Searle, o principio de cooperación de Grice, a teoría da argumentación de Anscombe e Ducrot, a da relevancia de Sperber e Wilson, o estudo da cortesía de Lakoff, Brown e Levinson, a etnografía da fala de Hymes e Gumperz, a interacción social de Goffman, etc. Todas elas son teorías sumamente interesantes e atractivas, que botan luz sobre diversos aspectos do uso comunicativo da linguaxe, mais que non proporcionan, nin individualmente nin en conxunto, os fundamentos dunha teoría integrada da lingua.

En realidade, este complexo de teorías aglutínase como disciplina por oposición, dalgún xeito, á gramática. O que teñen en común é o feito de ocupárense do estudo dos principios que regulan o uso da lingua na comunicación, fronte á gramática, que se ocupa do estudo da lingua como sistema de comunicación. Verbo desta última, é certo que, para acadar o seu obxectivo (describir o sistema lingüístico de comunicación), a investigación gramatical debe asentarse no soporte empírico do corpus da lingua en uso; agora ben, iso non implica que deba centrar o seu estudo nos principios extralingüísticos que regulan ese uso e non na propia estrutura do sistema lingüístico. As estratexias comunicativas son moi importantes para acadar os obxectivos procu-

rados coa comunicación, pero desde o punto de vista gramatical só son relevantes na medida en que se plasman en construcións gramaticais. Desde o punto de vista da pragmática e a análise do discurso a orientación é inversa: os datos lingüísticos son moi importantes, mais non como obxecto de estudo en si, senón como soporte empírico para estudar os factores extralingüísticos que configuran o acto comunicativo. Conclúese, parafraseando a M. Victoria Escandell (1996), que a pragmática do discurso non é nin unha nova compoñente da gramática nin un novo xeito de entender a gramática. É unha perspectiva diferente desde a que analizar o emprego da linguaxe como sistema de comunicación. Por tanto, unha disciplina complementaria, pero distinta. Por iso as gramáticas esquivan ou beiran o discurso; e por iso as gramáticas do discurso non son de seu gramáticas.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Blanco, M. R. / X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Auroux, S. (1994): *La révolution technologique de la grammatisation. Introduction à l'histoire des sciences du langage*. Liège: Mardaga.
- Cidrás Escáneo, F. A. (2004): "A sintaxe na gramática: problemas de descrición e problemas de prescrición", en R. Álvarez e H. Monteagudo (eds.): *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 335-357.
- Dik, S. C. (1997): *The theory of Functional Grammar. Part 2. Complex and derived constructions*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter.
- Escandell Vidal, M. V. (1996): *Introducción a la pragmática*. Barcelona: Ariel.
- Givón, T. (1984): *Syntax. A functional-typological introduction*. Vol. 1. Amsterdam: Benjamins.
- Hengeveld, K. (2004): "The architecture of a Functional Discourse Grammar", en J. L. Mackenzie / M. A. Gómez González (eds.): *A new architecture for Functional Grammar*. Berlin: Mouton de Gruyter, pp. 1-21.
- Lapa, M. Rodrigues (1945): *Estilística da língua portuguesa*. Coimbra: Coimbra Editora, 1979¹⁰.
- Linell, P. (2005): *The written language bias in linguistics. Its nature, origins and transformations*. London: Routledge. [<http://langs.eserver.org/linell/>]
- Marrou, H. I. (1965): *Historia de la educación en la Antigüedad*. Buenos Aires: Eudeba, 1976³.
- Metzeltin, M. (2003): "De la retórica al análisis del discurso", *Tonos. Revista electrónica de estudios filológicos* 6 [www.tonosdigital.com]
- Robins, R. H. (1980): *Breve historia de la Lingüística*. Madrid: Paraninfo.
- Sinclair, J. / M. Coulthard (1975): *Toward an analysis of discourse*. Oxford: University Press.